

## Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente: Latín / Grego / Cultura Clásica

---

Nota: O Departamento de Latín e Grego pode impartir as seguintes materias: Cultura Clásica en 3º e 4º de ESO, Latín de 4º de ESO, Latín e Grego en 1º e 2º de Bacharelato. Dado o seu carácter de materiais iniciais, so teñen consideración de materias pendentes no curso de 1º de Bacharelato.

O alumnado disporá desde o principio do curso dun **plan de traballo** no que figuren os obxectivos da materia, os criterios e mecanismos de avaliación, a distribución de contidos e actividades por trimestres, Grao mínimo de consecución para superar a materia e as datas aproximadas de exames.

Mecanismos de avaliación (tarefas, traballos, exercicios, exames, etc.).

Para recuperar a materia de Latín, o alumno/a deberá cumprir dous requisitos:

1º. Realizar unha serie de actividades sobre contidos programados nos cursos anteriores. A finalidade é que o alumnado, mediante estas actividades, volva recorrer o proceso de ensino-aprendizaxe dos contidos correspondentes aos obxectivos non superados nos cursos anteriores. As actividades dividiranse en dous caderniños. O primeiro destes caderniños será entregado polo alumno ao profesor antes do día 31 de xaneiro. O segundo destes caderniños será entregado polo alumno ao profesor antes do día 30 de abril.

### CADERNIÑO DO 1º PARCIAL

Constará de:

Exercicios das cinco declinacións.

Exercicios dos tempos de presente e perfecto da conxugación regular e do verbo *sum*.

Análise e tradución de oracións simples.

### CADERNIÑO DO 2º PARCIAL

Constará de:

Exercicios de análise morfolóxica nominal e verbal.

Análise e tradución de oracións relativas, pasivas e comparativas.

Exercicios do uso latino do infinitivo e participio.

É requisito imprescindible para acceder a esta proba ter entregado os caderniños de actividades no prazo fixado.

2º. O alumnado deberá presentarse aos exames parciais programados polo Departamento.

A avaliación consistirá na realización ao longo do curso de dúas probas escritas parciais nas datas que Xefatura de Estudos marque para materias pendentes.

O alumnado deberá ser capaz de traducir oracións ou textos latinos adaptados e ter un dominio fluído da declinación e conxugación latinas, identificando correctamente a sintaxe da frase: casos, oracións simples e compostas, coordinación e subordinación.

O alumnado deberá tamén recoñecer no léxico das linguas romances palabras de clara orixe latina e a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica.

O alumnado que non acade os contidos mínimos esixidos nas dúas probas parciais, realizarán unha proba final, que terá unha parte práctica (tradución) e unha parte teórica (literatura, latinismos, topónimos, lecturas obrigatorias)